

A REALIDADE: DESTRUCCIÓN DO NOSO BOSQUE AUTÓCTONO

Carlos Vales Vázquez

Calquer persoa ben informada, sensíbel ante o deterioro do noso patrimonio ecolóxico, sabe que a maior ameaza ambiental para os bosques galegos provén dos incendios forestais, por unha banda, e da destrución dos últimos redutos dos bosques autóctonos, por outra. Por iso abraia comprobar que podan ser funcionarios públicos os responsábeis ou cómplices de que esa ameaza se confirme en forma de destrución irreparábel.

Poucos saben que unha das mellores representacións de bosque litoral atlántico de Europa se localiza no curso medio e baixo do Eume. Poucos saben, portanto, que ese ecosistema único está sendo vertixinosamente destruído, entre outras causas, porque os técnicos forestais, responsábeis

económico da madeira é ridículo en comparación co seu valor ecolóxico.

Moito máis abaixo, no cañón do mesmo río, nese lugar de beleza casi sobrecolledora chamado Caaveiro, é posíbel contemplar agora mesmo outra faceta da desfeita. Frente do mosteiro existía unha conspícua mancha de eucaliptos que representaba claramente cal é a causa da desaparición das nosas fragas costeiras. Hoxe representa as cruas esceas dun acto máis avanzado na función da destrución. Os eucaliptos que destacaban e que agora son cortados eran en realidade un bosque misto eucaliptos- -fraga con carballos, bidueiras e castiñeiros de máis de trinta anos e porte considerábel, eran en realidade unha fraga «contaminada». Agora aquilo é un descampado onde as fortes pendentes e as choivas están arrastrando miles de kilos dunha terra escasa baixo a que inmediatamente aflora o penedo improdutivo. Aí, coa súa admirábel capacidade de rebrote, o eucalipto se enseño-reará do terreo da antiga farga, para ser, aora si, un eucaliptal auténtico e empobrecido.

Permitimo-nos aventurar que para os responsábeis de Produción Forestal a tala debe ser positiva porque elimina os eucaliptos da fraga. Con tan loubábel intención nen siquer informan -non o deben considerar previsto- ao Servizo de Meio Ambiente da súa propia Consellería, cando están actuando nunha área que figura nos catálogos de lugares de interese natural de Galiza. Pero comprendemo-lo, xa se sabe que deben de ser eles os únicos que entenden de árbores.

Fixo-nos cavilar Javier Castroviejo nunha ocasión na que afirmou que era este un país onde os maiores atentados ao medio ambiente se tiñan feito desde a Administración, e con fondos públicos. Agora comprobamos que, a pesar dos anos transcurridos, semella que nada tivera cambiado. E non entanto cambiou, no sentido de que é máis grave. Porque é xa moi pouco o que podemos salvar. Porque nen a sociedade nen o poder político se ven representados nesa inadmisíbel falta de sensibilidade.

de garantir que ese patrimonio irreparábel chegue ás xeracións futuras, conceden permiso para talar dez mil carballos, o que supón o desmantelamento a matarrasa de centos de metros de ladeiras boscosas sobre o río. A situación, que podería ter sido obviada simplemente con unha alternativa de aproveitamento selectivo como a entresaca, resulta aínda máis deprimente ao comprobar que o valor

